



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

DECRETO

ASUNTO: APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA: 10 PRAZAS DE PEÓNS PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICA MUNICIPAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR

Visto o expediente que se tramita para a contratación de 10 prazas de persoal laboral temporal, co seguinte obxecto:

-10 PRAZAS DE PEÓNS PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, para dar cumprimento á execución de obras e servizos mínimos municipais que abranguerán servizos de limpeza medioambiental e de recuperación do patrimonio histórico-arquitectónico na zona rural durante un período de catro meses.

Visto o expediente que se tramita para a creación dunha bolsa de emprego pública de auxiliares de axuda no fogar, co seguinte obxecto:

-Cubrir necesidades transitorias de persoal que requiren puntualmente a contratación de persoal laboral para realizar substitucións por ausencias de persoal laboral, por incapacidade laboral transitoria, permisos, licenzas, ou para atender a servizos esporádicos temporais, estacionais ou urxentes que non poidan prestarse co persoal existente.

Considerando:

1.- A Circular de 30 de Xaneiro de 2012 da Dirección Xeral de Administración local e o Informe do 13 de febreiro de 2012 da Dirección Xeral da Función Pública, dependente do Ministerio de Facenda; sendo necesaria a contratación de ditas prazas para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, segundo consta na providencia de alcaldía de data 13 de maio de 2020.

2.- Redactadas as correspondentes bases que rexerán a convocatoria das prazas de referencia.

3.- A existencia de crédito orzamentario nas partidas 151.131.00, 231.160.00, 151.227.99 e 231.143.00 con data de retención: 19/05/2020 e 01/01/2020.

4.- O informe do letrado, don Bernardo Díez García, de data 5 de xuño de 2020.

5.- O informe de data 11 de xuño de 2019 do interventor xeral do Concello de Santa Comba.

6.- O expediente atópase totalmente concluído, pendente da súa resolución.

7.- Á vista do anterior e visto o artigo 21.1.g) e 102.1 da LBRL, e demais competencias que me confire a lexislación vixente.

RESOLVO,

Primeiro.- Aprobar o inicio de expediente de contratación de persoal laboral temporal a tempo parcial de:

-10 peóns para a execución de obras e servizos mínimos municipais subvencionados pola deputación provincial da Coruña.

Segundo.- Aprobar o inicio de expediente de creación dunha bolsa de emprego pública temporal de auxiliares de axuda no fogar.

Terceiro.- Aprobar as bases, segundo anexo que se cita, que rexerán nesta convocatoria para a provisión de ditas prazas polo sistema de oposición (peón subvención PEL) e concurso (creación de bolsa de emprego pública temporal de auxiliares de axuda no fogar).

Cuarto.- Convocar probas selectivas para cubrir ditas prazas, e dar cumprimento ao establecido nos artigos 91 e 103 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, expóñase a oferta nun dos diarios de maior difusión, na páxina web e no taboleiro de anuncios, todo elo de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así coma de publicidade, acompañado das bases que abaixo se sinalan características de ditas prazas.

ANEXOS

"BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DE 10 PEÓNS PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral a tempo parcial de 10 peóns para a execución de obras e servizos mínimos municipais ao abeiro da resolución de aprobación de bases do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais 2020, coa finalidade de dar cumprimento á realización dos servizos subvencionados das actividades relacionadas cos servizos mínimos que figuran no artigo 26 da Lei 7/1985 e pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas con ditos servizos.

2.- PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

Contrato laboral de duración determinada de interese social, para a realización dunha obra ou servizo determinado a tempo parcial (30 horas semanais) e por un período de catro meses.

3.- PUBLICIDADE

A publicidade levarase a cabo no taboleiro de anuncios da casa consistorial, na páxina web municipal, nun diario dos de maior difusión e mediante edicto municipal.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

a.- Ter a nacionalidade española, sin prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como personal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente o indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvaguarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estén separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes. Extenderase igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os extranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en españa poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b.- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de xubilación forzosa. Sólo por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d.- Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade establecidos na lexislación vixente.

e.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público.

f.- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.

g.- *Estar en posesión da documentación acreditativa do celga correspondente ou validación ao mesmo nivel, no caso de que se posúa.*

h.- *As persoas a contratar neste programa deberán estar entre as recollidas nas presentes bases como incluídas en situación de exclusión laboral. Estas situacións son as seguintes:*

-Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

-Maiores de 45 anos.

-Personas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida pola administración competente, unha discapacidade nun grado igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polo Concello no proceso de selección a contratar.

-Personas desfavorecidas que estén en algunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sin fogar, persoas con fogar monoparental ou monomarental e persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

-Parados de longa duración. Aos efectos deste programa considéranse como parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego.

-Personas vítimas de violencia de xénero.

As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego, circunstancia que deberán acreditar os concellos con carácter previo á contratación.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de presentar a documentación no prazo habilitado de presentación de instancias.

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente, conforme modelo oficial que está a disposición na secretaría ou departamento de persoal do Concello, no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión. As instancias presentaranse na sede electrónica e no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba en horario de 10 a 14 horas (de luns a venres) ou en calquera das formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso, deberá remitirse xustificante de envío da solicitude dentro do prazo indicado para a presentación de instancias ao fax do Concello 981 880716. Os prazos e o horario redúcense a metade por atoparnos en situación de estado de alarma.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia do D.N.I.

b) Fotocopia compulsada da titulación esixida no punto 4.

d) Declaración xurada na que se declare que está APTO para a realización das funcións propias do posto de traballo.

e) declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CC.AA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) documentación que acredite a situación na que se atopa no apartado h) do punto 4.

Expirado o prazo de presentación de instancias o señor Alcalde-presidente, dictará resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En dita resolución que se publicará no taboleiro de edictos da Casa do Concello, indícarase o nome, apelidos e DNI dos admitidos/as e excluídos/as coas causas de exclusión e concederá un prazo de dous días hábiles para que poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motivasen a exclusión. Unha vez finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas éstas, as reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios do Casa do Concello. A devandita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indícarase a data, lugar e comenzo do primeiro exercizo.

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema selectivo elixido será o de oposición. A fase de oposición consistirá en dous exercizos:

a) *Proba de coñecemento da lingua galega: Para o caso de que as persoas que non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega ou validación ao mesmo nivel (curso de iniciación ao galego), deberán superar unha proba de coñecementos de lingua galega (escrita) dirixida á comprobación por parte do tribunal, de que comprenden, falan e escriben o galego, ao nivel esixido, sendo sometidos a unha proba tipo test de 10 preguntas alternativas das que só unha resposta será a correcta. Esta proba terá a cualificación de apto ou non apto; sendo necesario obter a cualificación de apto para continuar o proceso de selección.*

b) *Examen tipo test: Contestar por escrito un cuestionario tipo test, con respostas alternativas que terá relación co temario que figura nas bases relacionados co funcionamento e tarefas do posto de traballo e que comprenderá cuestións teóricas e de se-lo caso cuestións prácticas. O cuestionario estará composto por 20 preguntas tipo test con respostas alternativas das que só unha resposta será a correcta. Cada pregunta correcta terá unha puntuación de 0,50 puntos, non contando negativo as respostas incorrectas. A puntuación do exercicio valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de cinco puntos para superar a fase de oposición. En caso de empate, terá/n preferencia a/s persoa/s que teña/n mais puntuación nas cuestións prácticas. O temario sobre o que versará o exame é o seguinte. O Tempo de realización do exame será 45 minutos.*

A nota final será a puntuación do exercizo tipo test.

Temario Xeral

Tema 1.- *A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois e liberdades públicas.*

Tema 2.- *A Coroa. As Cortes Xerais.*

Tema 3.- *O Goberno e a Administración.*

Tema 4.- *Organización Territorial do Estado na Constitución. A Administración Autonómica: os Estatutos de Autonomía. A Administración Local.*

Tema 5.- *O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia e o seu presidente.*

Tema 6.- *A Lei de Prevencións de Riscos Laborais. Seguridade de edificios públicos.*

Tema 7.- *Coñecementos do municipio de Santa Comba.*

Tema 8.- *Conceptos xerais sobre albanelería.*

Tema 9.- *Ferramentas, usos, ordenación e mantemento.*

Tema 10.- *Materiais de construción.*

Tema 11.- *Aparellos: tipos. Principiais reparacións e traballos de albanelería.*

Tema 12.- *Medidas de seguridade e hixiene no seu traballo.*

7.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL

De conformidade co artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro e coa actual lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, o Tribunal estará composto polos seguintes membros:

*Os tribunais, contarán cun presidente (Luz María Vieito Díaz-funcionario de carreira do Concello), 1º vogal (José Manuel Suárez Mancebo-funcionaria de carreira do Concello), 2ª vogal (M.ª Carmen Castro Reborido-funcionario de carreira do Concello), 3º vogal (Susana Rial Mosteiro- funcionaria de carreira do Concello), Secretario do tribunal (Carlos A. Vega García ou persona en quen delegue).
Membros do tribunal suplente, Presidente (José Manuel Suárez Mariño- funcionario de carreira do Concello), 1º vogal (M.ª Nieves Cives Estévez-funcionaria de carreira do Concello), 2º vogal (José Manuel Parajó Mallón-funcionario de carreira do Concello), 3º vogal (Mª Magdalena Ordóñez Villar-funcionaria de carreira do Concello).*

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Todos os vogais deberán ter a titulación igual ou superior ao posto de traballo que se convoca.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico

do Sector Público ou no artigo 13.2 do RD 364/1995 do 10 de marzo. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estimen pertinentes, e estos limitaranse unicamente ó exercizo das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaboraran co órgano de selección.

Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

8.-PUNTUACIÓN FINAL

Os/as candidatos/as seleccionados/as serán os que obteñan as dez mellores puntuacións na fase de oposición.

Rematada a selección, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na acta de sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

Os/as aspirantes seleccionados/as previamente a súa contratación, e no prazo de dous días naturais desde a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar documentalmente os requisitos sinalados na base cuarta. Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

9.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos/as interesados/as, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación dos/as aspirantes que obteñan as dez mellores puntuacións. O contrato formalizarase por escrito cos/as aspirantes seleccionados/as. Mentres non se formalice o contrato, os/as aspirantes propostos/as non terá dereito á percepción de cantidade económica algunha. Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

10.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaránse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Santa Comba, con sede na Praza do Concello, 1 (Santiago), onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaria solicitude asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a calificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Asimesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Santa Comba,

O ALCALDE,

Asdo.: David Barbeira García"

"BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto a selección de personal laboral temporal para a constitución dunha Bolsa de Emprego Público Temporal para a categoría de auxiliar de axuda no fogar; aos efectos de cubrir necesidades transitorias de persoal que requiren puntualmente a contratación de personal laboral para realizar substitucións por ausencias de personal laboral, por incapacidade laboral transitoria, permisos, licenzas, ou para atender a servizos esporádicos temporais, estacionais ou urxentes que non poidan prestarse co personal existente.

Funcións e características do posto de traballo

a) *Auxiliar de axuda no fogar:*

O traballo consistirá en:

O traballo consistirá na realización das actividades reflectidas no plan de traballo que se elaborará no departamento de servizos sociais de cada persona beneficiaria, e serán os referidos a atencións de carácter personal, doméstico, atencións de roupa, compra, preparación de alimentos, tarefas de relación co contorno, e/ou outras que se determinen e que sexan necesarias para incorporar ao plan de traballo individualizado da persoa usuaria do servizo ou, no seu defecto, a profesional que interveña no seu caso.

Os traballos realizaranse en domicilios situados nas diferentes parroquias do municipio, de acordo coa programación de traballo que se designe, polo que as persoas seleccionadas terán que contar cos medios necesarios para o desprazamento, pola súa conta, dentro da xornada laboral.

Normativa:

- *Real decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.*
- *Ley 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.*
- *Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/99.*
- *Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.*
- *Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.*
- *Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.*
- *Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.*
- *Lei de Orzamentos Xerais do Estado ano 2019 prorrogados a día de hoxe para o ano 2020.*

MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

A modalidade, a xornada e a duración dos contratos será a fixada na correspondente expediente en función das necesidades do servizo e da causa de substitución.

A retribución será a fixada no orzamento municipal aplicable a cada ano natural.

A xornada será completa ou parcial, incluíndo sábados, domingos e festivos en funcións das necesidades reais de cada caso a atender.

3. PUBLICIDADE

A presente convocatoria e bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Santa Comba, na páxina web municipal e mediante edicto municipal.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os requisitos xerais mínimos para todas as categorías dos aspirantes que participen na presente convocatoria son os seguintes:

a.- Ter a nacionalidade española, sin prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como personal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente o indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvaguarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estén separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes. Extenderase igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os extranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b.- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, acompañado de infome médico de que o aspirante está apto para realizar as funcións do posto de traballo.

c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de xubilación forzosa. Sólo por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d.- Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade establecidos na lexislación vixente.

e.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público.

f.- Copia cotexada da documentación acreditativa da posesión do Celga ou validación ao mesmo nivel, no caso de que se posúa.

Requisitos específicos para a categoría de Auxiliar de axuda no fogar:

a.- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente. Así mesmo deberá estar en posesión do curso de atención socio sanitaria a persoas no domicilio (con certificado de profesionalidade) ou o curso de atención socio sanitaria en institucións sociais (con certificado de profesionalidade) ou no seu defecto certificado de profesionalidade correspondente.

Nota: Poderán presentarse aqueles/as aspirantes que estiveran facendo o curso de atención socio sanitaria a persoas no domicilio ou o curso de atención socio sanitaria en institucións sociais e que unicamente lles quede pendente de recibir a formación das 18 horas dos módulos de igualdade e sensibilización mediambiental como consecuencia da suspensión de dito curso pola declaración do estado de alarma.

b.- Estar en posesión do carnet de conducir e dispoñibilidade de vehículo para poder desplazarse mediante declaración xurada.

c.- Estar en posesión do carnét de manipulador de alimentos vixente.

Os citados requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias e manteranse durante todo o proceso, así como, no seu caso, no momento da

formalización dos nomeamentos ou contratos.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que haxan feito constar na súa solicitude, e unicamente poderán modificalos dentro do período de presentación de instancias.

Os restantes anuncios referidos á presente convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios.

5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente, conforme modelo oficial que está a disposición no departamento de personal do Concello, no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. As instancias presentaranse pola sede electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba en horario de 10 a 14 horas de luns a venres, ou en calquera das formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Neste último caso, deberá remitirse xustificante de envío da solicitude dentro do prazo indicado para a presentación de instancias ao fax do Concello 981 880716, quedando excluídos do proceso de selección os interesados que non presenten copia da instancia dentro do prazo habilitado para presentación de instancias. Prazo e horario reducido por estar declarado o estado de alarma.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia do D.N.I, ou de se-lo caso pasaporte.

b) Fotocopia compulsada da titulación esixida e dos cursos esixidos, así como dos méritos e circunstancias alegadas polo opositor/a que deban ser valorados. Deberá presentarse unha relación detallada dos méritos quen aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, xunto cos documentos acreditativos correspondentes, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento da presentación da instancia.

Os/as aspirantes que estiveran realizando o curso de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou o curso de atención sociosanitaria en institucións sociais, se atopen na situación de suspensión de realización dalgún destes dous cursos pola declaración do estado de alarma e teñan unicamente pendente de realizar as 18 horas dos módulos de inserción e sensibilización medioambiental, deberán acreditar un informe ou certificado da entidade que o estivera impartindo explicando esta situación, quedando obrigados a presentar o certificado de rematar o curso de xeito satisfactorio, tan pronto como se volva á situación de normalidade e rematen calquera dos cursos mencionados.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

c) declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CC.AA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

d) No caso de axuda no fogar declaración xurada de estar en posesión do carnet e conducir, así como dispoñibilidade de vehículo propio para poder desplazarse.

Expirado o prazo de presentación de instancias o señor Alcalde-presidente, dictará resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En dita resolución que se publicará no taboleiro de edictos da Casa do Concello, indicárase o nome, apelidos e DNI dos admitidos/as e excluídos/as coas causas da exclusión e concederáse un prazo de 2 días, para que poidan formular reclamacións ou enmendar os defectos que motivasen a exclusión. Unha vez finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas éstas, as reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios do Casa do Concello e sinalárase a data e hora de valoración de méritos polo Tribunal. A devandita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos. De se-lo caso, si os interesados presentan toda a documentación coa instancia ou ben a documentación pendente non puidera ser presentada por non posuíla, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional.

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema elixido será o de concurso.

AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

FASE DE CONCURSO: Avaliaranse os méritos alegados debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

Titulacións:

-Grado de enfermería ou equivalente: 3 puntos.

-Grado en terapia ocupacional ou equivalente: 3 puntos.

-Auxiliar de enfermería ou equivalente: 2 punto.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 3 puntos.

Experiencia profesional

Servizos efectivos prestados como auxiliar de axuda a domicilio ou equivalente en calquera administración pública: 0,20 puntos por mes de servizo completo ou fracción superior ós 15 días.

Servizos efectivos prestados como auxiliar de axuda a domicilio ou equivalente en calquera empresa privada: 0,10 puntos por mes de servizo completo ou fracción superior ós 15 días.

A experiencia profesional deberá xustificarse:

-Traballo por conta allea: Contratos de traballo, certificados de empresa ou certificados de servizos prestados acompañados do informe de vida laboral expedido pola seguridade social para acreditar data de comenzo e data fin da relación laboral. O informe de vida laboral é obrigatorio. De non presentarse dito informe non se valorará o apartado de experiencia profesional por conta allea.

-Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga.

-Traballados no extranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 3 puntos.

Cursos realizados:

Pola asistencia a cursos de formación relacionados co posto de traballo ao que se opta:

- Cursos de 20 ou máis horas lectivas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 3 puntos.

Coñecemento de galego

Tamén se valorarán aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

- Curso de iniciación á Lingua Galega, celga 1/celga 2: 0,50 punto.
- Curso de perfeccionamento de Lingua Galega, celga 3/celga 4: 0,75 puntos
- Curso de especialización ou celga 5: 1 punto.

So se terá en conta o curso de máximo nivel.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de coñecemento de galego é de 1 punto.

TOTAL FASE DE CONCURSO: 10 PUNTOS.

7.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL

De conformidade co artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o Tribunal estará composto polos seguintes membros:

Os tribunais, contarán cun presidente (M.^a Carmen Castro Reborido-funcionaria de carreira do Concello ou persoa en quen delegue), 1º vogal (Carlos A. Vega García-funcionario de carreira do Concello ou persoa en quen delegue), 2ª vogal (Susana Rial Mosteiro-funcionario de carreira do Concello ou persoa en quen delegue), 3º vogal (José Manuel Suárez Mancebo- funcionaria de carreira do Concello ou persoa en quen delegue), Secretaria do Tribunal (Luz María Vieito Díaz) ou persoa en quen delegue.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros.

Os membros do tribunal terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 39/2015, ou no suposto previsto no artigo 13.2 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, os seus traballos, de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. Terán voz pero non voto. A designación de tales asesores terá que comunicarse á Alcaldía-Presidencia do Concello de Santa Comba.

Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede na Casa Consistorial do Concello de Santa Comba (praza do Concello, s/n (Santa Comba, teléfono 981880075).

O tribunal disporá que nesta sede, a lo menos unha persoa, membro ou non do tribunal, atenda cantas cuestións xurdan en relación con estas probas selectivas.

Os integrantes do tribunal terán dereito ó abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Tribunal quedará facultado para resolver todo tipo de dúbidas que se poidan suscitar durante o desenvolvemento das probas.

8.- PUNTUACIÓN FINAL

A puntuación final será a suma da puntuación obtida na fase de concurso .

O Tribunal de selección determinará a orde provisional dos integrantes da bolsa de emprego, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Santa Comba a efectos de posibles reclamacións durante un prazo de dous días, que serán resoltas polo Tribunal.

9.- FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

9.1.- Mediante resolución de Alcaldía determinarase a listaxe definitiva dos integrantes que formen parte da Bolsa de Emprego, por orden de puntuación total obtida na fase de concurso do proceso selectivo polos distintos aspirantes, e será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Santa Comba.

En caso de empate na puntuación total, terá prioridade a persoa candidata que obtivese maior puntuación na fase de experiencia profesional e de persistir o empate quen acredite maior puntuación na fase de cursos. Se aínda persistise o empate decidirase por sorteo público.

A bolsa de emprego terá unha duración ilimitada, quedando habilitado o prazo do 1 ao 20 de xaneiro de cada ano natural para actualizar os méritos dos/as aspirantes que xa estiveran na bolsa o ano anterior ou para pasar a formar parte dela os/as aspirantes que desexen facelo para ese novo ano. Nese momento convocarase ao tribunal, levarase a cabo a actualización de méritos ou a valoración dos novos aspirantes. Os prazos serán os mesmos que os indicados no punto 5. Fóra dese prazo non se poderán actualizar os méritos ni incorporarse novamente os que desexan facelo de novo. Os/as candidatos/as que pasen a formar parte da mesma non ostentarán dereito algún con carácter previo ao nomeamento/contratación.

9.2.- Os procedementos específicos para a contratación do persoal laboral seleccionado no suposto de baixas, vacacións, permisos ou circunstancias similares do persoal; ou para atender servizos estacionais urxentes e excepcionais que non poidan prestarse co persoal existente, realizaranse conforme aos seguintes trámites:

-Providencia de Alcaldía xustificando as circunstancias e as necesidades de persoal, previo informe do departamento de personal.

-Existencia de crédito do departamento de intervención.

-Resolución de Alcaldía acordando o nomeamento do candidato que ocupe o primeiro lugar da lista na correspondente categoría, agás que renuncie ou non se poida localizar, en cuxo caso se nomeará ao seguinte candidato da Bolsa de Emprego, pasando este ao último lugar da lista; e así sucesivamente.

Se algún candidato non se localiza seguirase intentando localizar aos seguintes candidatos do listado co fin de axilizar e non paralizar o proceso de contratación.

O proceso de localización será por teléfono para que asiste a recoller a notificación correspondente ou ben por notificación mediante o servizo de Policía Local, tendo en conta que si durante esa xornada a persoa coa que non se deu contactado se pon en contacto co concello ten dereito a ser contratado, doutro xeito pasará ao final da listaxe.

A renuncia é obrigatoria sendo válida por fax, correo electrónico ou calquera outro medio no que quede constancia no Concello.

-Formalización do correspondente contrato laboral temporal polo período que dure a substitución de persoal, ou os servizos temporais ou estacionais excepcionais e urxente, conforme ao Estatuto dos Traballadores, baixo a modalidade que proceda no caso concreto xustificada no informe do departamento de personal.

9.3.- Unha vez que o persoal contratado remate o seu contrato de traballo, se tivese acumulados máis de 180 días de traballo para o Concello, pasará a ocupar o derradeiro lugar na lista; en caso contrario, volverá a ocupar o lugar no que se atopaba antes da contratación.

En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da bolsa de emprego.

A xornada laboral poderá ser a tempo completo ou a tempo parcial, dependendo das necesidades do servizo.

9.4.- A renuncia a una oferta sen motivo xustificado implicará que o candidato pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A renuncia a dúas ofertas sen xustificar serán causa de expulsión da bolsa de emprego. Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o candidato ao último lugar da listaxe, quedando na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

a) estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de Familia.

b) estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.

c) falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.

d) outras causas similares as anteriores debidamente xustificadas.

e) atoparse en situación de emprego activo temporal e non elixir cambiar de posto de traballo. Neste caso causará baixa temporal na lista e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego. Unha vez xustificado pasará ao final.

A presentación da documentación acreditativa das anteriores circunstancias efectuarase unha vez comunicada por escrito ao Concello no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación do chamamento efectuado polo Concello. Se nese prazo non aporta os xustificantes pasará ao final da lista.

9.5.- Son causas de exclusión da bolsa de emprego as seguintes:

a) Haber sido separado do servizo mediante expediente disciplinario sempre que exista unha resolución xudicial definitiva.

b) A non superación do período de proba.

c) Haber sido despedido polo Concello de Santa Comba.

10.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na 39/2015, de 1 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE SANTA COMBA con dirección en C/Pza. Concello, 1 - 15840 Santa Comba (A CORUÑA).

1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE SANTA COMBA é RBSOLUCIÓNS.

2.- finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para o presente proceso selectivo, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse mentres se manteña o proceso en curso e durante o tempo que marque a Lei.

3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo Art. 6.1.C do REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016, Art. 5.1 Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Art. 49.D da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

4.- destinatarios de cesións: os seus datos de carácter persoal non podrán ser cedidos.

5.- dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

Santa Comba,

O ALCALDE,

Asdo.: David Barbeira García"

Quinto.- Dar conta ao Pleno desta resolución de alcaldía na próxima sesión que se celebre.

En Santa Comba,

O ALCALDE,

Dou fe, A SECRETARIA XERAL

Asdo.: David Barbeira García

Asdo.: Cristina Alonso Losada